

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DA SUBMEDIDA 214.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA /CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2015

Nº DE PROTOCOLO^(*)

^(*) A encher polo SXEA

1.- TÍTULO DA ACCIÓN

“Selección do pemento de Guláns para a mellora do pelado cara aumentar a súa eficiencia no proceso de transformación”

2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro de investigación: EEA do Baixo Miño - CIAM

Enderezo: Entenza s/n

C. Postal: 36471

Concello: Salceda de Caselas

Provincia: Pontevedra

3.- XUSTIFICACIÓN

O pemento de Guláns, se cultivaba principalmente nas parroquias ponteareanas de Guláns e da veciña Cristiñade. Estes pementos tiveron moita sona en tempos, cando a localidade de Guláns abastecía os mercados de Vigo e comarca.

A Asociación de Pemento de Guláns está interesada na recuperación deste pemento. A maioría dos seus asociados son agricultores a tempo parcial e o cultivo o realizan ao aire libre. A canalización da súa produción a través da gran distribución suporía un gran investimento en invernadoiros, necesarios para asegurar un abastecemento continuo no tempo.

Os socios consideran que suporía un investimento menor e tería unha rendibilidade maior tender a un produto elaborado como conserva de pemento asado. Dado que unha das fases de maior consumo de man de obra na transformación do pemento é o pelado, se propón unha selección do pemento de Guláns para a súa mellora no pelado.

4.- OBXECTIVOS

Mellora no pelado do pemento de Guláns, para aumentar a eficiencia no proceso de transformación.

5.- METODOLOXÍA

Baseándose nas liñas de pemento de Guláns recollidas pola Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño farase unha selección masal en función da súa facilidade no pelado unha vez asado.